

DÍA DO  
MEDIOAMBIENTE  
5 DE XUÑO



Christo - Surrounded Islands

*"Ninguén cometeu maior erro que o que non fixo nada pensando que so podía facer un pouco."*

Edmund Burke



# DÍA DO MEDIOAMBIENTE



# Para comezar...comezar...



Horns Rev, Dinamarca

## CUESTIÓNS

- É o mesmo necesitar que desexar?
- *Non é feliz quen ten máis ou menos, moito ou pouco, senón aquel que ten exactamente o que necesita.* Explicao.
- Qué é mellor *reutilizar* ou *reciclar*? Que é mellor *reducir* (o consumo, o uso) ou *reutilizar*? Pon exemplos.
- Que é máis fácil producir mercadorías ou vendelas?
- Hai relación entre consumismo e ecoloxismo?
- Quen cres que contaminan máis os países pobres ou os ricos?
- Qué entendes por *calidade de vida*?
- A contaminación, os conservantes, a química afectan á nosa calidade de vida?
- Ecoloxía e progreso son compatibles?
- Sabes en que consiste o **Protocolo de Kyoto**?
- Podes poñer algún exemplo de recursos naturais renovables e non renovables?



### LECTURA:

PDF: *“As mulleres sofren máis que os homes as dificultades do acceso á auga”*; Entrevista a *Émile Tanawa (Profesor de la Escuela Nacional Superior Politécnica de Yaundé (Camerún), por Araceli Caballero*

[http://upcommons.upc.edu/revistes/bitstream/2009/1184/1/07\\_Las\\_mujeres.pdf](http://upcommons.upc.edu/revistes/bitstream/2009/1184/1/07_Las_mujeres.pdf)



**Vídeo: Convertamos o consumo nun instrumento de construción de cidadanía; Araceli Caballero, autora de “Protozoos insumisos”, Intermón Oxfam**

<http://www.intermonoxfam.org/es/page.asp?id=3542>



**Vídeo 1: WWF Adoptez la plànete attitude**

**Vídeo 2: Greenpeace, Denuncia e Acción  
Greenpeace Inspiring Action**



**TEST MEDIOAMBIENTAL (SOLUCIÓNS AO FINAL DA UNIDADE)**

1. Canto tarda un *Kleenex* en degradarse na natureza?
  - a. 15 días
  - b. 1 mes
  - c. 3 meses
  - d. 1 ano
2. Canto tempo tarda en degradarse na natureza unha lata de refresco?
  - a. 6 meses
  - b. 2 anos
  - c. 5 anos
  - d. 10 anos
3. Canto tempo tarda en degradarse na natureza unha pel de banana?
  - a. 1 mes
  - b. 3 meses
  - c. 5 meses
  - d. 9 meses
4. Canto tempo tarda en degradarse na natureza un *chicle*?
  - a. 3 meses
  - b. 9 meses
  - c. 1 ano
  - d. 5 anos
5. Cantas persoas no mundo non teñen acceso a auga potable?
  - a. 500 millóns
  - b. 800 millóns
  - c. 1,3 billóns
  - d. 1,8 billóns
6. Una billa perde auga gota a gota. Cantos litros cres que perde por día?
  - a. 1 litro
  - b. 4 litros
  - c. 7 litros
  - d. 10 litros
7. Se deixo a billa aberta mentres lavo os dentes. Cantos litros de auga gasto?
  - a. 2 litros
  - b. 10 litros
  - c. 18 litros
  - d. 25 litros
8. Cantos litros de auga consome unha persoa ao día?
  - a. 100 litros
  - b. 40 litros
  - c. 10litros
  - d. 300 litros

9. Cantas bolsas de plástico son distribuídas no mundo cada ano?
- 1 billón
  - 5 billóns
  - 12 billóns
  - 20 billóns
10. A enerxía eólica en Europa cobre a necesidade doméstica de electricidade (agás calefacción) de:
- 50 millóns de persoas
  - 18 millóns
  - 3 millóns
  - 100 billóns
11. Cando tomas un baño consumes máis auga que nunha ducha. Sabes en que proporción?
- 2 veces máis
  - 6 veces máis
  - 10 veces máis
  - 20 veces máis
12. Se reciclamos 100 quilos de papel, obtemos:
- 20 quilos de papel reciclado
  - 55 quilos de papel reciclado
  - 75 quilos de papel reciclado
  - 90 quilos de papel reciclado
13. Cantas clases de enerxía renovable existen?
- 2
  - 3
  - 4
  - 5
14. Que parte de auga doce hai en relación á auga salgada sobre a Terra?
- 1%
  - 3%
  - 4,6%
  - 7,4%
15. Entre 1900 e 1995 as necesidades de auga na Terra foron multiplicadas ...
- Por 2
  - Por 3
  - Por 5
  - Por 7
16. O 42% da madeira industrial recollida no mundo úsase:
- Para fabricar mobles
  - Para fabricar papel
  - Como combustible
  - Na construción de casas



## Vídeo: Greenpeace, denuncia e acción *Greenpeace Inspiring Action*

<http://www.youtube.com/watch?v=zVu9eawb1QY>



### Os motivos do desequilibrio ecolóxico

- O incremento do número de habitantes
- O consumo de enerxía
- O incremento dos espazos produtivos
- As grandes construcións artificiais
- A circulación de elementos contaminantes
- Os residuos da actividade doméstica e industrial
- As devastacións de grandes masas de bosques, a contaminación radioactiva...
- A idea de que a natureza é algo para **dominar**
- ...Engade ti outros.

### Os grandes problemas macroecolóxicos

- Risco de cambios climáticos polo quecemento da atmosfera
- Destrucción da capa do ozono
- Destrucción do bosque húmido tropical e da súa biodiversidade
- Chuvia ácida e incendios forestais na zona Norte
- Desertificación crecente
- Explosión demográfica
- Contaminación de augas continentais e mariñas dos solos e da atmosfera, etc.

- Podes citar algunha consecuencia para nós destes problemas?
- Cres que temos responsabilidade moral ante esta situación?
- Temos o *deber* de conservar?

- Temos o *deber* de poñer un límite ás transformacións que podemos facer?
- Cres que a Terra é depositaria de *dereitos* que os seres humanos terían que respectar?

## Textos

“...Por tanto engano a nosa natureza doe: centrais térmicas ou plantas para repostaren os barcos que levan o combustíbel por alta mar, encoros, montes inzados de muíños ou abertos para canteiras, praias sufocadas por unha afluencia descontrolada ou incendios forestais; a Galicia enteira reméxese e doe; é unha ferida aberta e latexando. Aniquilamos especies animais, asolamos a vexetación autóctona e facemos desaparecer ecosistemas irrecuperábeis, sumindo a nosa terra nunha incríbel agonía ....e o único argumento que se manexa é o beneficio.”

Teresa Moure (2008): *O natural é político*. Vigo, Xerais

“O mundo ten dabondo para satisfacer as nosas necesidades, pero non para a nosa cobiza.”

Gandhi


- Pon exemplos concretos do que denuncia Teresa Moure.



### Cine: *Unha lousa sobre o courel*

Galicia, 2008. Dirección: Enrique Banet. Producción executiva e voz en off: Mabel Rivera. Namche Films

<http://www.youtube.com/watch?v=9UADoo26vSU>



- Ver o documental e facer un debate.
- Contemplantar a posibilidade de invitar ao director e a produtora a presentar a película no centro; contactar con Namche Films.



## 5 DE XUÑO, Día Mundial do Medio Ambiente

Desde 1973, o 5 de xuño de cada ano celébrase o Día Mundial do Medio Ambiente que foi establecido pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas. Tamén aprobou a creación do Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA).

Poderíase dicir que o Día Mundial do Medio Ambiente é un vehículo por medio do que a Organización das Nacións Unidas sensibiliza á opinión mundial en relación a temas ambientais, intensificando a atención e a acción política. Os obxectivos principais son darlle un contexto humano, motivar as persoas para que se convertan en axentes activos do desenvolvemento sustentable e equitativo; promover o papel fundamental das comunidades no cambio de actitude cara a temas ambientais e fomentar a cooperación, pois esta garantirá que todas as nacións e persoas gocen dun futuro máis próspero e seguro.



### CONTO:


PDF: *Madre Tierra*

<http://centros.edu.xunta.es/ieschapela/?q=gl/category/23/129>



### Vídeoclip: *Mamatierra* Macaco (National Geographic)

<http://www.youtube.com/watch?v=igkMFeXCTmo>



## CON CAL DESTAS FRASES TE IDENTIFICAS MÁIS

*“Ser ecoloxista supón un cambio na forma de entender e vivir a vida”*

Fernando Velasco

*“Somos realmente os propietarios do mundo e da historia, ou simples depositarios dun legado que temos que deixar as nosas criaturas?”*

María Novo

*“Defender a natureza é defender aos seres humanos”*

Octavio Paz

- Despois de ler os textos e o conto adopta unha postura e expresa **como te sentes ti en relación coa Natureza**.

Podemos preguntarnos de qué xeito **nos percibimos en relación coa Natureza**. As persoas senten que están *fronte a* ou *con* a Natureza. Pero deste xeito están a expresar que *non pertencen* ao complexo chamado biosfera, senón que están *fóra* del para explotalo, dominalo ou, no mellor dos casos, conservalo.

Esta visión occidental de estar máis alá da Natureza xerou un modo de entender o mundo que pode axudar a entender o momento de crise no que vivimos. Hai tempo superamos a idea da Terra como centro do universo pero agora temos que superar a idea do ser humano como dominador do planeta, pois temos dividido o mundo en dous: nós e o resto do existente. Temos que empezar a entendernos como **seres na Natureza** e a nosa existencia débese desenvolver en harmonía coas demais especies.



# DÍA DO MEDIOAMBIENTE



**Para  
saber  
algo  
máis...**



## Sabías que...

- a reciclaxe de 500 toneladas de papel evita a tala de 500 árbores.
- o vidro se pode reciclar nun 100% e o papel nun 95%.
- unha persoa de Estados Unidos consume ao ano setenta veces a cantidade de auga que consume un habitante de Ghana. E contamina como doce de China, trinta da India, 280 de Tanzania e 422 de Etiopía.
- sete países (EEUU, Xapón, Rusia, Reino Unido, Francia, Alemaña e Italia) que representan so o 17% da poboación mundial consumen o 59% total de petróleo, gas e carbón.
- cada segundo nacen tres crianzas e que ao cabo do día nacerán tantas como habitantes ten a cidade de Vigo.
- de cada dez crianzas que nacen, so unha o fai nos países ricos, as nove restantes nacen nos países empobrecidos.
- a maioría das 35 cidades do mundo con máis de cinco millóns de habitantes están nos países pobres, onde se vive en condicións insalubres e escasea a auga potable.
- en África se plantan só tres árbores por cada cen que se cortan.
- desde comezos do século XVIII o planeta perdeu seis millóns de Km2 de bosque, unha superficie maior que a de toda Europa.

## CUESTIÓNS

- Ecoloxía e progreso son compatibles?
- Sabes poñer algún exemplo de recursos naturais renovables e non renovables?
- Podemos dicir que vivimos nun mundo *antinatural*?
- Explica en que consisten a publicidade e o *marketing*
- Tes información sobre o “Desenvolvemento sustentable”?
- Analiza a diferenza que hai entre “crecemento económico” e “desenvolvemento económico”.
- Pon exemplos concretos de preocupación polo secundario. Do valor que acadan as cousas secundarias ou superfluas e de como nos despreocupamos das cousas importantes como a saúde física ou mental, a felicidade, a formación crítica, o futuro do planeta, etc.

**Consumismo:** é a obsesión pola riqueza e o consumo de bens en cantidades moi superiores ás esixidas para a correcta satisfacción das nosas necesidades. A sociedade consumista caracterízase por: superproducción, creación incesante de novas necesidades e novos luxos, predisposición a mercar, malgasto, contaminación do hábitat e da natureza.

**Reciclaxe:** a utilización de refugallo e residuos cumpre un dobre obxectivo; conserva materiais reciclando e eliminando os subprodutos nocivos e proporciona enerxía. Os países máis avanzados reciclan, os subdesenvolvidos eliminan os residuos, os máis sensatos controlan a súa produción.

A kenyana **Wangari Maathai**, galardoada co Premio Nobel da paz, é defensora do desenvolvemento sostible e a democracia. A súa maior contribución foi o **'Movemento Cinto Verde de Quenia'**, un proxecto que impulsou en 1977 que combina a promoción da biodiversidade co emprego a mulleres, e grazas ao que se plantaron 30 millóns de árbores no seu país, dando traballo a máis de 50.000 mulleres pobres nos diferentes viveiros. Desde 1986, este movemento orixinou unha grande rede panafricana que levou proxectos similares a países como Tanzania ou Etiopía. Obtivo tamén o premio da **Fundación Ecoloxista Goldman** en 1991, este premio está considerado como o "Nobel da ecoloxía".



 **Vídeo: Comprar, tirar, comprar.**

<http://www.rtve.es/alacarta/la2/#983391>

- Explica o concepto
- Consecuencias da longa duración dos produtos
- Produción de materiais no sistema comunista e capitalista
- O problema do lixo e os residuos
- A loita contra a obsolescencia programada
- A dependencia dos obxectos para a nosa identidade e autoestima
- A natureza produce nutrientes, non residuos. Sabes en qué consiste a **teoría do decrecemento**? Por que pode ser unha revolución cultural?



### ACTIVIDADES

- Fai unha redacción titulada "Ter ou ser".
- Fai un **cómic** ou conta un **conto** para criaturas con esta temática.
- Investiga sobre o labor que fan as organizacións: *Greenpeace, Icona, Adena, Adega*, etc.
- Fai un **collage de prensa** con noticias de actualidade que atopas na prensa ou na Internet. Insire titulares, fotos sobre os distintos temas como poden ser: abandono de animais, aforro enerxético, cancro de pel, pilas, latas, bolsas de plástico, residuos nucleares, etc.
- Colgar todos os **collages** nas paredes da aula ou do centro.

## Ecoloxía e Ecoloxismo

**Ecoloxía:** procede do termo grego *oikos*, que significa casa, lugar onde se habita. O planeta Terra é a casa do ser humano e dos outros seres vivos que para sobrevivir interactúan entre si e co medio ambiente.

A ecoloxía preocúpase das relacións entre os seres vivos e o medio. Todos os seres vivos para sobrevivir e para o noso benestar necesitamos que se conserve o equilibrio ecolóxico do planeta (auga, osíxeno, alimentos...)

A ecoloxía é unha rama da bioloxía integrada polo conxunto de coñecementos referidos á economía da natureza, ou o que é o mesmo, en estudio das relacións dos animais e das plantas co seu ambiente, tanto orgánico como inorgánico.

Pero actualmente tamén é:

- Unha nova concepción filosófica que pretende moldear o comportamento e a cultura consumista.
- Unha reflexión moral que pretende uns novos hábitos de comportamento máis acordes coa natureza.
- Un xeito de organizar as relacións económicas e políticas que vele pola conservación da natureza ante o desenvolvemento tecnolóxico e os intereses dos estados.

**Ecoloxía** é unha ciencia que ten por obxecto o estudo do medio natural. Mentres que **ecoloxismo** refírese a todo movemento de conservación e defensa do medio ambiente e do medio natural. O **ecoloxismo** é un novo xeito de entender a acción social e política que comporta unha revolta contra os valores políticos ancorados na idea dunha personalidade egoísta. Tamén trae unha apertura cara novos valores. Cando os seres humanos se ven en continuidade cos animais ábreanse aos valores da natureza, procuran outra forma de vida e chegan a cambiar os seus hábitos. Entón descubren que o ser humano é da Terra, non a Terra do ser humano. O importante é levar unha vida en harmonía coa natureza e co entorno.

O papel dos grupos ecoloxistas é o de **espertar a conciencia** cidadá aos graves problemas do medio ambiente.

### Os dez mandamentos verdes

1. Aforra enerxía na túa propia casa.
2. Cerra a auga da billa, é un ben cada día mais escaso.
3. Non produzas lixo.
4. Utiliza envases bos para o medio ambiente.
5. Non almacenes un arsenal químico.
6. Limita o uso dos plásticos.
7. Aforra papel.
8. Usa o coche racionalmente.
9. Coida o campo.
10. Pensa globalmente e actúa localmente.



“Obra de tal xeito que os efectos da túa acción sexan compatibles coa permanencia dunha vida auténticamente humana sobre a Terra”.

H. Jonas (1992): “*Le principe responsabilité*” París, CERF

### ENERXÍA | Advertencia dos e das ecoloxistas

#### Lámpadas de baixo consumo, si, pero ollo co mercurio

elmundo.es | Madrid. Actualizado mércores 22/07/2009 12:31 horas

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio iniciou unha campaña activa para que as lámpadas de baixo consumo cheguen aos fogares españois.(...) Un primeiro paso cara ao aforro do consumo eléctrico e a eficiencia enerxética, beneficioso tanto para o peto coma para o medio ambiente. Sen embargo, unha vez que chegan ao final da súa vida útil, as lámpadas de baixo consumo deben tratarse axeitadamente. O seu contido en mercurio resulta altamente tóxico tanto para a saúde humana como para a do planeta. “Ninguén do Ministerio está facendo esta advertencia”, denuncia Leticia Baselga, responsable de residuos de *Ecoloxistas en Acción*. A lámpada é inocua mentres se manteña intacta. O problema chega cando se rompe (...).

“Ao romperse, libera vapor de mercurio. Se algo caracteriza ao mercurio é que é capaz de viaxar moi rápido e a grandes distancias. Pode chegar ao Ártico. Tamén pode caer á auga e ser inxerido polos peixes que logo comemos as persoas”, advirte a ecoloxista. Os ecoloxistas dan a benvinda á iniciativa pero critican o feito de que ninguén estea advertindo da súa toxicidade e de como e onde deben ser depositadas unha vez gastadas. Sen embargo, Ambilamp, a sociedade sen ánimo de lucro fundado por un grupo de fabricantes, ten un sistema de recolleita específica para estes residuos. Concretamente, Ambilamp dispuxo uns colectores nos principais hipermercados con esta fin. Pódese consultar polo punto de recolleita máis próximo no teléfono 900 102 749. En calquera caso, en caso de romperse unha lámpada dentro da casa, “hai que ventilar moi ben, afastarse inmediatamente para intentar non respirar o vapor e logo tirara nun colector específico”, xa sexa dun Punto Limpo ou de Ambilamp, comenta Baselga. Lámpadas de baixo consumo, si, pero ollo co mercurio.



### Vídeo: “Que comer e como produci-lo na Galiza”. Entrevista con Lidia Senra, do Sindicato Labrego Galego

<http://www.blip.tv/file/1746709>



#### TEMAS E CUESTIÓNS PARA A REFLEXIÓN DESPOIS DE VER O VÍDEO

- Alimentación e mercado.
- A situación dos **alimentos transxénicos** en Galicia.
- O perigo da desaparición das variedades autóctonas.
- O control da poboación e as multinacionais.
- A defensa da **soberanía alimentaria** en Galicia.
- **Lidia Senra** foi a única muller en España e unha das poucas na UE que estivo a fronte dunha organización agraria. Busca información e coméntaa.
- Investiga sobre as empresas galegas de produtos alimenticios ecolóxicos. Podes iniciar a busca de información con “Milhulloa” recoñecida empresa de produción agrícola ecolóxica.



### Vídeo: *Food Inc*

Este documental amosa o funcionamento da industria alimentaria de EE.UU e os procesos que se ocultan ao consumidor.



#### A soberanía alimentaria

É o dereito das comunidades e dos pobos a decidir as súas políticas agrícolas e alimentarias, a protexer e a regular a produción e o comercio agrícola interior co obxectivo de conseguir un desenvolvemento sostible e garantir a seguridade alimentaria.

Acadar esta soberanía require unha estratexia que rompa coas políticas agrícolas neoliberais impostas pola Organización Mundial do Comercio, o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional, e co sistema económico capitalista dominante, os que promoven un modelo de produción agrícola e alimentaria totalmente insostible.



### A agricultura biolóxica ou ecolóxica

A agricultura convencional require de grandes cantidades de produtos químicos externos e acaba reportando grandes beneficios á industria agroalimentaria, mentres que hai un empobrecemento cada vez maior do pequeno campesiñado. A agroecoloxía, en cambio, non utiliza fertilizantes nin fitosanitarios e busca a interacción entre todos os elementos que forman parte do campo, desde un enfoque económico, técnico, ambiental, social, cultural e ético.

Varios estudos demostran como a produción campesiña a pequena escala pode ter un alto rendemento á vez que usa menos combustibles fósiles, especialmente se os alimentos son comercializados localmente ou rexionalmente. En consecuencia, investir na produción campesiña familiar e agroecolóxica é a mellor garantía para acabar coa pobreza e a fame no mundo.

Isto permitirá rexenerar os solos, aforrar combustibles, reducir o quentamento global e sermos soberanos no que respecta a nosa alimentación.

### Os produtos transxénicos

Os organismos modificados xeneticamente, segundo **Esther Vivas**, no seu libro *Del campo al plato* (Icaria editorial, 2009), teñen graves consecuencias na agricultura, na saúde humana, nos dereitos campesiños, o medio ambiente.

Os transxénicos contaminan xeneticamente a outras especies tradicionais. A produción transxénica acaba coa agricultura convencional e ecolóxica deixando á agricultura nas mans de catro multinacionais que controlan o mercado das sementes, dos produtos químicos asociados e, a miúdo, a produción.

Os transxénicos incrementan o uso de agroquímicos coa conseguinte contaminación medioambiental. Como as plantas son tolerantes a un determinado herbicida, pódense utilizar altas doses do mesmo. Isto xera a aparición de herbas resistentes, o que implica a utilización de máis produtos químicos para combatelas.

Tamén está o impacto dos organismos modificados xeneticamente na saúde das persoas. Se teñen detectado casos de alerxias que ata hai pouco non existían causadas pola introdución de novas proteínas nos alimentos; aparecen novos tóxicos na comida; resistencias a antibióticos; incremento da contaminación no que comemos.

Os organismos modificados xeneticamente terían que estar prohibidos como xa sucede en países como Irlanda, Francia, Austria, Grecia, Luxemburgo, Hungría, Italia, Polonia e Alemaña.

## O desastre ecolóxico do *Prestige*: marea negra e marea branca

### IDEAS PREVIAS

- Tes noticia do problema que padece a nosa costa polos barcos petroleiros que pasan diante dela?
- Que sabes do desastre ecolóxico do *Prestige*?
- Qué sentiches cando sucedeu a catástrofe do *Prestige*?
- Consideraste afectado ou afectada pola catástrofe? Explicao.

### Ante o *Prestige*: marea negra e marea branca

#### Ondas de fuel mareas de dignidade


A **catástrofe do *Prestige*** supón un fito na nosa historia. Neste momento fanse visibles dúas concepcións da mesma realidade, fronte á Galicia oficial do goberno, que sempre tratou de minimizar a traxedia e os seus efectos, xurde un pobo sensible e consciente, orgulloso de si mesmo, que protesta, denuncia e afronta o problema cos medios ao seu alcance. Este fenómeno social transforma a idea do pobo galego como submisos e avanza cara unha nova identidade insumisa e concienciada, cargada de dignidade colectiva na defensa de valores que lle son propios á vez que universais.



### A catástrofe do *Prestige*: Vídeo e fotos

Marea branca <http://www.youtube.com/watch?v=kKh9DuqKMlo>

Nunca máis <http://www.youtube.com/watch?v=Y0df58P02Pc>



### As ras e a tona

Había unha vez dúas ras que caeron nun balde cheo de tona do leite e decatáronse de que afundían: era imposible andar ou flotar demasiado tempo nesa masa espesa como areas movedizas. De primeiras as dúas ras patexaron na tona para chegar ao bordo do balde, pero era inútil; so conseguían chapuzar no mesmo lugar e afundirse. Sentían que cada vez era máis difícil saír á superficie e respirar.

Unha delas dixo en voz alta: “Non podo máis. É imposible saír de aquí! Non vexo por que alongar este sufrimento. “Deixou de espernexar e afundiou con rapidez.

A outra ra, máis teimuda, díxose: “Aínda que estea a piques de morrer, prefiro loitar ata o meu derradeiro alento. Non quero morrer nin un segundo antes de que me chegue a miña hora”.

De súpeto de tanto patexar e espernexar a tona converteuse en manteiga.

Sorprendida a ra deu un salto e patinando chegou ata o borde do balde. Desde alí puido regresar a casa croando alegremente.

Relato coa voz do propio autor en castelán <http://centros.edu.xunta.es/ieschapela/?q=gl/category/20/109/112>

Jorge Bucay: “Déjame que te cuente ...” RBA

- Relaciona este conto co comportamento da sociedade galega diante da *marea negra*.

### A MAREA BRANCA

“Na ponte do seis de decembro Galicia recibiu unha marea solidaria sen precedente en España, case 10000 persoas viaxaron ás zonas danadas para axudar.”

- Qué crees que moveu á *marea branca*?
- Qué outras razóns moven ás persoas a ser solidarias?


No marco ecolóxico a **solidariedade** supón un abano de solucións para os problemas ambientais, atendendo máis ás necesidades da sociedade humana no seu conxunto que ás prioridades dalgúns grupos sobre outros. Pretende que os esforzos se xunten en políticas globais de redistribución de recursos, de intercambio e transferencia de tecnoloxías e apoio para as persoas máis desfavorecidas. Ademais, debe contemplar o compromiso ético coas xeracións futuras tomando conciencia de que somos usufrutuarios dos recursos e que estes deben ser conservados nas mellores condicións posibles para as xeracións que aínda non naceron.



## Canción e videoclip: *Moving de Macaco*

<http://www.youtube.com/watch?v=hbVEap1AdDg>

Canción que se xunta no CD



## Canción e videoclip: *Ningún de Dios* Ke Te Crew & Quempallou

<http://www.youtube.com/watch?v=hbVEap1AdDg>

Canción que se xunta no CD



### ACTIVIDADES

- **Pensa nos teus actos cotiáns** e no que está na túa man para favorecer ou non deteriorar o medio ambiente. Por exemplo, non lavar os dentes coa billa aberta; non botar aceite polo vertedoiro senón metelo encerrado no lixo, así vai a terra e non ao mar; usar pilas recargables; escribir no papel polos dous lados; usar o transporte público; apagar a televisión co botón e non co mando a distancia, etc.  
Engade outros.
- Fai un **anuncio publicitario** que conteña estes principios: Reducir, reutilizar e reciclar.
- **Elabora** un plan de conduta ecolóxica concreto para unha persoa coma ti.

## Cómics recomendados

- Cómec ecolóxico *El Patoverde*.
- Jiro Taniguchi: *El olmo del Cáucaso*. Editorial Ponem Mon.
- Manu Lacernet: *Los combates cotidianos* e *Retorno a la tierra*. Bang Ediciones, colección Exit.




## Lecturas recomendadas

- Teresa Moure (2008): *O natural é político*. Xerais.(Ensaio de ecoloxía profunda)
- Úrsula Le Quin: *El nombre del mundo es Bosque*. (Novela de ciencia ficción).
- Anna Cervera (2007): *Outro mundo é posíbel: O reino da necesidade de Vandana Shiva*. Baía edicións.

## Películas recomendadas

- *Grizzly Man* de Werner Herzog  
<http://www.youtube.com/watch?v=ogYDUmligw0> trailer en inglés  
<http://www.youtube.com/watch?v=2TlhtJysixg> subtulado en español
- *El secreto de la isla de las focas* de J. Sayles  
<http://www.youtube.com/watch?v=XVmxiByABP4>

- *Dersu Uzala* de Akira Kurosawa  
1 <http://www.youtube.com/watch?v=hnZlYyUhGXk>  
2 <http://www.youtube.com/watch?v=770T7UkqJl0>  
3 <http://www.youtube.com/watch?v=CLHTeDhJeKc>
- *Los espigadores y la espigadora* de Agnès Varda  
[http://www.youtube.com/watch?v=1cCSD7n2rSc&feature=Playlist&p=EBB56444B10F9609&playnext=1&playnext\\_from=PL&index=52](http://www.youtube.com/watch?v=1cCSD7n2rSc&feature=Playlist&p=EBB56444B10F9609&playnext=1&playnext_from=PL&index=52)  
<http://www.youtube.com/watch?v=6QZxbZZL8Xg>
- *Koyaniskatski* de F.F. Coppola. Música Ph. Glass
- *Our Daily Bread (O noso pan cotián)* de Nikolaus Geyhalter  
[http://www.youtube.com/watch?v=ozhr\\_\\_b80Yc](http://www.youtube.com/watch?v=ozhr__b80Yc)  
[http://www.youtube.com/watch?v=4\\_3vWicPn2A](http://www.youtube.com/watch?v=4_3vWicPn2A)
- *Gorilas en la niebla* de Diane Fossei.
- *Una verdad incómoda* de Al Gore.
- *Un lugar en el mundo* de Adolfo Aristarain.
- *Erin Brockovich* de Steven Soderberg.
- *O bosque animado* de Ángel de la Cruz / Manuel Gómez



# Outras propostas de actividades




# 1



WEB: *Ceibes no monte: O cabalo e o monte*

<http://www.ceibesnomonte.com/inicio.htm>



## Obxectivos

- Dar a coñecer as *iniciativas pedagógicas doutros centros educativos en prol do medio ambiente*.
- Achegar ao alumnado o mundo do *cabalo e do monte comunal*.
- Sensibilizar sobre *a importancia do monte na economía rural galega*.
- Potenciar a *educación patrimonial e o coñecemento do medio*.
- Poñer en valor *os máis diversos elementos do noso acervo cultural*
- Coñecer as *manifestacións artísticas* relacionadas cos cabalos dende os *petróglifos* ata as achegas na *arte contemporánea*.

## Desenvolvemento

1. **Ceibes no monte** é un proxecto multidisciplinar do IES Terra de Turonio de **Gondomar (Pontevedra)** resultado dos traballos realizados polo alumnado. O traballo versa sobre os diferentes enfoques que se lle pode dar a un tema de tanta tradición e raizame como é o dos **cabalos ceibes** nos montes galegos e, máis concretamente, nos montes destas Terras de Turonio.
2. Lectura do texto: *Perdérase, case...* Un texto de Xosé Luís Méndez Ferrín para o proxecto Ceibes no Monte.

Perdérase case, ou esquencérase, o nome da **Terra de Turonio**. Hoxe, felizmente, el encóntrase en transo de ser rehabilitado. Turonio, o vello territorio dos Turones, é a porción da Galicia actual que limita: ao Sul, co río Miño; ao Oeste, coa Nova Inglaterra (Océano por medio); ao Norte, coa Ría de Vigo. Polo Leste, de modo incerto, Turonio sepárase do resto de Galicia polas Terras de Montes. O Turonio onomástico só perdura nas aldeas de Torroña e Troña, que parecen simpáticos fósiles dotados de misterio etimolóxico. Estamos a asistir

á resurrección do nome e da noción de Turonio e a presente mostra, *Ceibes no Monte*, cobra solemnidade e resulta tocada pola emoción se a ollamos coma un acto restaurador da memoria secularmente abafada.

A Terra de Turonio, de forma trapezoidal no mapa, pode ser entendida coma unha síntese de Galicia a escala reducida. Aquí encóntranse os vales (fermosura irresistible) do Tea, do Miñor e outros nos que



se perpetúa a imaxe máis idílica e donda de Galicia; incluída a beira dereita do Miño no nos derradeiros quilómetros de vida longa que iniciara no Pedregal de Irimia.. Aquí, tamén, as cidades e vilas históricas de Tui e Baiona, e a Guarda ao pé dos vestixios prehistóricos do Trega. E aínda aquí, as poderosas serras e os montes soberbos con penedos gravados con mil liñas e deseños enigmáticos. Por fin, aquí é Vigo e a actividade marítima, comercial e industrial que fixo da cidade e do seu "hinterland", que é Turonio, o eixo sobre o que xiran as potencias anovadoras da Galicia contemporánea. Desde logo, nos montes de Turonio seguen a estar as bestas bravas ceibes sobre as escribiron Plinio e outros antigos.

As mulleres e os homes do Turonio actual crían gado, labran terra, escriben e editan libros, pescan e navegan, practican as artes, fabrican e manufacturan, levantan ideas, soñan, falan, viven e forman parte dunha paisaxe na que toda Galicia se atopa representada. Para cumio de felicidade, Turonio extrema con Portugal e con Portugal vive en harmonía, Río Miño mediante.

A presente mostra, *Ceibes no Monte*, céntrase principalmente nunha actividade ancestral, cal é a da cría de bestas soltas que anualmente son baixadas aos curros Turonio de Mougás, A Valga e Torroña (Serra da Groba); de San Cibrán ou a Pardavedra ou Pinzás (Chan do Ceireixo); de Morgadáns e O Galiñeiro (Val Miñor). O grupo de traballo multidisciplinar do IES "Terra de Turonio" de Gondomar é o autor colectivo desta brillante lección visual e nocional do universo dos cabalos do monte.

A Galicia que tén sede de coñecemento de si mesma verase sorprendida pól as imaxes e descripcións dunha cultura viva en numerosos lugares, pro tamén vastamente ignorada por amplas camadas da nosa sociedade. *Ceibes no monte* constitúe un exemplo excelso de como pode ser entendido un ensino activo con raíz na propia realidade local e nacional. A práctica pedagóxica dun Instituto pode extenderse e actuar como centro iluminador da conciencia pública. Isto estase a conseguir con esta exposición.

Vigo (Terra de Turonio), 2009

**3. O Medio Natural** do Cabalo Ceibe no Monte. O medio no que viven os cabalos do monte está conformado por abas, cumes e chairas altas dalgunhas das formacións montañosas da Terra de Turonio. Non é o seu hábitat exclusivo, mais é ao que quedaron relegados pola presión da influencia humana. Comparten este medio con numerosas especies vexetais e animais para constituír, xuntas, un ecosistema case que único. Proponse a busca na páxina web do proxecto a información sobre a fauna e a flora.

**4. O cabalo de pura raza galega** ([http://www.ceibesnomonte.com/cabalo/documentos/cprg\\_ferrin.pdf](http://www.ceibesnomonte.com/cabalo/documentos/cprg_ferrin.pdf)). Pódese indagar en tódolos niveis educativos, abrangendo a moitos departamentos. Aínda que deberíamos matizar que cómpre facer un traballo previo de aula na clase de bioloxía ou ciencias nautrais.

**5. Os curros.** Na Terra de Turonio dáse unha grande concentración de cabalos de monte; nas Serras do Suído e da Paradanta, e nas Serras da Groba e do Galiñeiro celébranse curros importantes. Por outra banda, en Oia

- e en Gondomar é onde o censo de cabalos ceibes é maior (en particular, o número de exemplares de Pura Raza Galega). Busca informacións obre os diferentes curros en Galiza e o ritual da festa.
- Os petróglifos** en Galiza. Pódese propoñer facer unha vista aos petróglifos da zona de organizadas polo Instituto de Estudos Miñoranos (<http://www.minhor.org/>) ou aos de Campolameiro (Petróglifos ruta Campolameiro ([http://www.campolameiro.com/petroglifos\\_paredes\\_cast.html](http://www.campolameiro.com/petroglifos_paredes_cast.html)); tamén hai rutas guiadas organizadas polo Concello de Nigrán pola parroquia de Chandebrito ([petroglifos.org](http://petroglifos.org)).
  - Para seguir afondando neste tema suxerimos achegarse ao tratamento do **cabalo na Arte Galega – Escultura**. Desde a época clásica foron moitos os e as artistas que se sentiron atraídos pola figura do cabalo como motivo das súas creacións plásticas. Temos que remontarnos á Idade Media onde atopamos as obras de anónimos mestres canteiros con pequenos detalles en pórticos, ventás, ábsidas, canzorros e outros elementos estruturais das igrexas románicas. Nos séculos XVII e XVIII: Mateo de Prado e Mateo López. Despois dun longo período de seca, temos que chegar ao século XX para poder salientar novos nomes de escultores galegos que utilizaron o cabalo como modelo de representación. En estilos totalmente diferentes e con temáticas renovadas atopamos a Cristino Mallo e a Vilar Lamelas. (Amazona. Cristino Mallo. 1976 e Cabalo. Vilar Lamelas. 1989). Pero falar en Galiza da fusión de escultura e cabalos é falar de Juan Oliveira. O grupo escultórico da Praza de España, en Vigo, é unha homenaxe aos cabalos que nalgún momento do pasado houberon de galopar ceibes polo monte do Castro. (Cabalos do Grupo escultórico en bronce. Praza de España. Vigo. Juan Oliveira. 1991).
  - Pódese aproveitar este traballo para invitar ao centro a dar unha conferencia para o alumnado do centro a Xosé Lois Vilar do Instituto de Estudos Miñoranos (<http://www.minhor.org/>) ou algunha persoa responsable do proxecto “Ceibes no monte” do IES Terra de Turonio de Gondomar.
  - Esta iniciativa podería ser completada cun traballo individualizado no que cada alumno ou alumna buscase a relación que tivo a súa familia cos cabalos e co monte galego facendo unha recolección de fotos e textos e montando unha exposición. O vestíbulo podería servir de espazo de exposición desta testemuña.



Cabalos do Grupo escultórico en bronce. Praza de España. Vigo.  
Juan Oliveira. 1991

## Temporalización

4 horas

## Modalidade

Individual

Grupal

## Área implicada

Titoría

## Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Lingua galega: *Achegando textos literarios sobre o cabalo e o monte en Galicia.*

Bioloxía e ciencias naturais: *A fauna e flora do monte galego.*

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular), antropoloxía, filosofía e ciencias sociais: *As tradicións no monte galego, os curros, a rapa das bestas, os petróglifos, o cabalo na escultura galega, etc.*

Tecnoloxía, informática, debuxo, música: *Obradoiro da montaxe da exposición de fotografía documental.*

Educación física: Ruta de *sendeirismo* a procura dos petróglifos e dos cabalos salvaxes.

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos:

ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

## Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

# 2 Estudio: Que é a teoría do “decrecemento”?



## Obxectivos

- Achegar ao alumnado o concepto de *decrecemento*.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia de revisar as teorías económicas en relación ao medio ambiente.
- Reconsiderar os conceptos de *poder adquisitivo* e *nivel de vida*.
- Visibilizar as contradicións que implican conceptos como o PIB.
- Tomar conciencia de que só podemos mellorar a situación do planeta cambiando o modelo económico.

## Desenvolvemento

1. *A produción vai unida á destrución do medio. A teoría do decrecemento propón unha forma de entender a economía baseada na idea de **vivir mellor con menos**. Para aclarar esta idea é necesario comprender previamente o concepto de decrecemento.*
2. Texto introdutorio: *A torta da Terra é finita. Cada vez somos máis persoas que queremos un anaco máis grande desta torta. Sen embargo, hai unha cantidade de fariña xusta e todas as fabas do planeta están contadas. Para máis fastío, a nosa torta non só non medra, senón se engruña polo enve-*

*lenamento do lévedo a causa duns malos fumes. Fronte á sacrosanta ladaíña do “crecemento” é moi difícil expoñer politicamente a nosa crise de sobreconsumo e a imperiosa necesidade de pór fin á obscena lotonería dos países do Norte. Pero non é só unha cuestión de supervivencia ambiental senón tamén unha esixencia de xustiza social global. É evidente que temos unha débeda ecolóxica colosal contraída co Sur.”*

(David Hammerstein, eurodiputado de Os Verdes)

3. Aclarar o concepto de **decrecemento**.

O **decrecemento** é unha corrente de pensamento político, económico e social favorable á diminución da produción económica co obxectivo de establecer unha nova relación de equilibrio entre o ser humano e a natureza, pero tamén entre os propios seres humanos. Porque a conservación do medio ambiente non é posible sen reducir a produción económica que sería a responsable da redución dos recursos naturais e a destrución do medio que actualmente está por riba da capacidade de rexeneración natural do planeta. Ademais, tamén cuestiona

a capacidade do modelo de vida moderna para producir benestar. O reto estaría en **vivir mellor con menos**.

Propoñen unha diminución do consumo e da produción, permitindo respectar o clima, os ecosistemas e os propios seres humanos. Esta transición realizaríase mediante a aplicación de principios máis axeitados a unha situación de recursos limitados: escala reducida, eficiencia, cooperación, durabilidade. En definitiva, buscan reconsiderar os conceptos de poder adquisitivo e nivel de vida.

Na súa defensa argumentan que non se debe pensar no concepto como algo negativo, senón moi ao contrario: **cando un río se desborda, todos desexamos que decreza para que as augas viren ao seu leito**.

O concepto de «decrecemento» nace como contestación ao concepto de **crecemento económico** e a súa ferramenta principal de medida: o **PIB**. Os seus defensores opinan que o PIB non é unha medida correcta para avaliar o crecemento dunha sociedade, pois tan só ten en conta o aumento da produción e a venda de bens e servizos sen ter en conta o benestar, a saúde dos ecosistemas e os desequilibrios climáticos. Así, esta ideoloxía prefire empregar outros índices de desenvolvemento alternativo como o índice de desenvolvemento humano, o índice de desempeño ambiental ou a pegada ecolóxica.

**Decreceamento e desenvolvemento sostible.** O decrecemento oponse tanto á economía liberal e produtivista como á noción de desenvolvemento sustentable. Desenvolvemento e

sustentabilidade serían, hoxe por hoxe, incompatibles. Todo o planeta aspira a acadar os niveis de vida occidentais (co 20% da poboación do planeta consumindo o 85% dos recursos naturais). Polo tanto o desenvolvemento non poderá ser sustentable.

Segundo moitos e moitas ecoloxistas, o desenvolvemento sustentable pasou a converterse nun argumento que utilizan os gobernos e as propias multinacionais para demostrar que teñen en conta os efectos medioambientais á hora de tomar decisións, de xeito que se transformou na máscara para aparentar un respecto inexistente ou polo menos insuficiente (como por exemplo o Protocolo de Kyoto) co contorno.

4. Pon en relación a teoría do decrecemento co que expresa o **xefe indio** no vídeo que se xunta: carta



### Vídeo: Carta del jefe seattle a Franklin Pierce

5. Mari Carmen Gallastegui (premio Euskadi de investigación 2005), malia a súa postura non radicalmente prol-decrecemento, nunha entrevista concedida ao Correo dixo que: «o **desenvolvemento sostible** converteuse nun termo que se opón absolutamente a todo e, ao final, non significa

nada. Na súa concepción orixinal tivo unha virtude: dicirnos que tiñamos que coidar o medio ambiente e a cohesión social, que a economía debía ser próspera para garantir renda suficiente para todos. Pero agora se lle pon o adxectivo sustentable a todo. (...) A natureza marcaranos uns límites que deberemos obedecer. E é certo que a tecnoloxía ofreceranos certa sustentabilidade. Fíxese nos alimentos: en lugar de ollomol do Cantábrico xa non sei que comemos. Pero ao final deberemos impornos uns hábitos de consumo e de produción que teñan en conta os límites da natureza. Se non é que nos queiramos cargar o planeta! ».


- Para familiarizar ao alumnado con estes conceptos proponse o seguinte exemplo de **Ivan Illich**:

*O caracol constrúe a delicada arquitectura da súa cuncha engadindo unha tras outra as espirais cada vez máis amplas; despois cesa bruscamente e comeza a enroscarse esta vez en decrecemento, xa que unha soa espira máis daría á cuncha unha dimensión 16 veces máis grande, o que en lugar de contribuir ao benestar do animal, sobrecargaríao. E desde entón, calquera aumento da súa produtividade serviría só para paliar as dificultades creadas por esta ampliación da cuncha, fóra dos límites fixados pola súa finalidade. Pasado o punto límite da ampliación das espiras, os problemas do sobrecrecemento multiplícanse en progresión xeométrica, mentres que a capacidade biolóxica do caracol só pode, no mellor dos casos, seguir unha progresión aritmética.*



Cada quen tratará de explicar coas súas propias palabras os datos que se achegan.

- Analizar este cadro de François Schneider onde presenta o problema dunha forma gráfica, que titula: **“O círculo infernal do consumo”**.



E pregúntase: o crecemento económico pode realmente resolver os problemas xerados polo crecemento?

- Facer un comentario explicativo e unha posta en común das achegas individuais.
- Utilizar diferentes fontes de información – biblioteca, prensa, internet...- para aprender a empregar os conceptos.
- Debater sobre economía e medio ambiente.



WEB: O decrecemento

<http://www.decrecimiento.info>



### Vídeo: Carlos Taibo fala sobre o decrecemento

<http://www.decrecimiento.info/p/documentales.html>

#### Temporalización

2 horas

#### Modalidade

Individual

Grupal

#### Áreas implicadas

Economía

Bioloxía e Ciencias medio ambientais

#### Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ética e filosofía do dereito, filosofía: economía, medio ambiente e ética.

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular), filo-

sofía, antropoloxía e ciencias sociais: *Economía e medio ambiente, A teoría do decrecemento.*

Informática: *Obradoiro da montaxe en Power Point dos resultados destas investigacións.*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

#### Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

# 3



## Vídeo: As sementes e as patentes: Vandana Shiva

<http://www.youtube.com/watch?v=3Beqdeao-ZE>

<http://www.youtube.com/watch?v=CRiL4TiX9F0>



### Obxectivos

- Achegar ao alumnado ao complexo mundo das *patentes*.
- Sensibilizar sobre a importancia da agricultura ecolóxica e a biodiversidade.
- Coñecer as consecuencias da *enxeñería xenética*.
- Poñer en valor a importancia do *coidado*.
- Coñecer ao alcance da *biopiratería*.

### Desenvolvemento

1. Ver o **vídeo** no que **Vandana Shiva** explica o problema das patentes e da "biopiratería". Tirar as ideas que achega e comentalas.
2. Indagar que é "**Monsanto**".
3. Lectura e comentario do **texto**: Testemuño de Vandana Shiva no Tribunal das Mulleres de África do Sur o 8 de Marzo de 2001.

*"Desde o Tribunal das Mulleres, declaramos que as patentes sobre a vida e as patentes baseadas na **biopiratería** son inmorais e ilegais. Non viviremos seguindo as regras que están roubando a millóns as súas vidas e as súas medicinas, as súas sementes, as súas plantas, os seus coñecementos, o seu sustento, a súa dignidade e o seu alimento. Non permitiremos que a cobiza e a violencia sexan os únicos valores para forxar as nosas vidas e as nosas culturas.*

*Recuperemos as nosas vidas. Sabemos que a violencia xera violencia, o medo xera medo, a paz xera paz e o amor xera amor.*

*Forxaremos novos principios universais mediante a solidariedade e non a hexemonía. Os mundos das mulleres son mundos baseados no coidado: da nosa dignidade e autorespecto, do benestar d@s nos@s fill@s, da Terra, dos seus seres diversos, daqueles que teñen fame, e aqueles que están enfermos. Coidalos é a mellor expresión de humanidade.*

*O futuro non pertence aos mercadores da morte, pertence ás Mulleres Coidadoras da Vida."*



4. Responder as seguintes cuestións
  - Sabes a que patentes se refire?
  - Por que di que o mundo das mulleres é o mundo do coidado? En que consiste ese coidado?
  - Que importancia teñen os valores morais?
5. Esta iniciativa podería ser completada cun traballo individualizado no que cada alumno ou alumna buscase informacións sobre o tema e en grupos montasen unha presentación con información e fotografías que o documenten. Despois pode ser exposto ao resto do grupo. Podemos concretar o tema nos seguintes eixes: **enxeñería xenética, biotecnoloxía, o libre comercio, os movementos alterglobalización, o ecofeminismo, a alimentación e a saúde.**
6. Esta actividade pode ampliarse coa proxección da película **O mundo segundo Monsanto** de Marie Monique Robin.



### Vídeo: O mundo segundo Monsanto de Marie Monique Robin



### Vídeo: Our daily bread

<http://www.youtube.com/watch?v=cHVGYNryYtw&feature=related>

## Temporalización

2 horas

## Modalidade

Individual e Grupal

## Área implicada

Titoría

## Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Lingua galega: *achegando textos.*

Bioloxía e ciencias naturais: *as patentes, as sementes, os estudos CTS.*

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular), filosofía e ciencias sociais: *a bioética e a biotecnoloxía, os alimentos transxénicos.*

Tecnoloxía, informática: *obradoiro de vídeos sobre patentes e montaxe dunha presentación ou exposición de fotografía documental.*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

## Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

### SOLUCIÓN AO TEST MEDIOAMBIENTAL

1. c. 3 meses
2. d. 10 anos
3. d. 9 meses
4. d. 5 anos
5. d. 1,8 billóns
6. d. 10 litros
7. c. 18 litros
8. b. 40 litros
9. c. 12 billóns, o que representa 380 bolsas por segundo.
10. a. 50 millóns de persoas
11. b. 6 veces máis
12. d. 90 quilos de papel reciclado
13. d. 5: solar, eólica, biomasa, xeotérmica e hidroeléctrica
14. b. 3%, o que representa 3 botellas de auga doce por 97 de auga de mar.
15. d. Por 7
16. b. para fabricar papel

## Para rematar



**Vídeo: *A flor máis grande do mundo,*  
de Jose Saramago**

<http://www.youtube.com/watch?v=-KTL94RI7CI>



